

Curso de pronuncia de inglés

TIPO: Cuadrimestral

DURACIÓN: 40 horas

LUGAR: Campus de Vigo, Ourense e Pontevedra

Obxectivos

este curso introduce aos alumnos á pronuncia do inglés. Pronunciar correctamente é esencial non só para mellorar as competencias comunicativas, se non tamén as auditivas. Coñecendo os fundamentos do inglés a través dunha variante estandarizada previamente seleccionada, o alumnado pode producir e comprender calquera produción oral nesta variante, e en calquera contexto. Pode comunicarse oralmente de forma efectiva, e mellora a súa comprensión auditiva coñecendo os procesos fonéticos e fonolóxicos que realizan os falantes nativos. Ao mesmo tempo, os falantes nativos, independentemente da súa variedade dialectal, estatus socio-económico, nivel cultural e idade, serán capaces de comprender aos alumnos que adquiren as competencias do curso nunha variedade dialectal estándar.

Como acceder

Ter coñecementos da lingua estranxeira a nivel A2/B1

Non é necesario realizar proba de nivel. Acceso directo.

Certificados

- CERTIFICADO DE ASISTENCIA: É preciso asistir ao 85 % das clases

Prezos por cuadrimestre

- Comunidade universitaria (Universidade de Vigo): 156 €

- Público en xeral: 190 €

Outros datos de interese

Os cursos do Centro de Linguas son recoñecidos con créditos ECTS ou de libre elección pola Universidade de Vigo.

* Excepcionalmente e por cuestións de calendario, o Centro de Linguas poderá adaptar o número de horas do curso con sesións semipresenciais.